

Os espazos necrolóxico e elexíaco de Rosalía de Castro na prensa de Madrid e de Galicia

Rosalía de Castro's necrologic and elegiac spaces in Madrid and Galicia's press

Lucía GARCÍA VEGA

lugarvega@gmail.com

[Recibido, abril 2010; aceptado, maio 2010]

RESUMO

Este artigo atende ao obxectivo esencial de achegar novas informacións relacionadas co falecemento de Rosalía de Castro (1837-1885). Ademais de dar conta da propia noticia publicada en revistas e xornais madrileños e galegos, recuperamos algúns textos por medio dos que outros escritores homenaxearon á escritora compostelá en 1885.

PALABRAS CHAVE: Rosalía de Castro, literatura, periodismo, século XIX.

GARCÍA VEGA, L., (2011): “Os espazos necrolóxico e elexíaco de Rosalía de Castro na prensa de Madrid e de Galicia”. *Madrygal (Madr.)*, 14: 81-92.

RESUMEN

Este artículo atiende al objetivo esencial de aportar nuevas informaciones relacionadas con el fallecimiento de Rosalía de Castro (1837-1885). Además de hacer referencia a la propia noticia publicada en revistas y periódicos madrileños y gallegos, recuperamos algunos textos por medio de los que otros escritores rindieron homenaje a la escritora compostelana en 1885.

PALABRAS CHAVE:: Rosalía de Castro, literatura, periodismo, siglo XIX.

GARCÍA VEGA, L., (2011): “Los espacios necrológico y elegíaco de Rosalía de Castro en la prensa de Madrid y de Galicia”. *Madrygal (Madr.)*, 14: 81-92.

ABSTRACT

This article aims to provide essential new information related to the death of Rosalía de Castro (1837-1885). Besides referring to the news published in newspapers from Madrid and Galicia, we recovered some texts by other writers who paid tribute to her in 1885.

KEY WORDS: Rosalía de Castro, literature, journalism, XIX century.

GARCÍA VEGA, L., (2011): “Rosalía de Castro’s necrologic and elegiac spaces in Madrid and Galicia’s press”. *Madrygal (Madr.)*, 14: 81-92.

SUMARIO: 1. Introducción. 2. O pasamento de Rosalía de Castro na prensa de Madrid. 2.1. Xullo. 2.2. Agosto. 2.3. Setembro. 3. A prensa de Galicia ante o falecemento de Rosalía de Castro. 3.1. Xullo. 3.2. Setembro. 4. Conclusiones. 5. Apéndice. 6. Referencias bibliográficas.

*Oh, ahora veo que la vida no puede mostrarme
todo, como
el día tampoco puede.
Comprendo que tendré que esperar a ver lo que me
muestra
la muerte.*
 WALT WHITMAN

1. INTRODUCIÓN

Na actualidade, como é ben sabido, a transcendencia da figura de Rosalía de Castro na historia da literatura galega, e tamén na española, ben podería ser cualificada de axiomática. Continuando nesta liña, cada nova sacada á luz sobre algúin aspecto biográfico ou bibliográfico dela adoita ser acollida como unha prezada e servizal tesela disposta a axudar a resolver fraccións do enigmático e insubstituíble mosaico que figuradamente representa e que o tempo literario atesoura.

Logo do coñecemento da sentida nova do seu falecemento, todo apunta a considerar que a publicidade dada ao suceso tivo unha presenza máis ben flutuante no ámbito xornalístico. Así a todo, varios xornais da capital estatal e algúns de Galicia dedicaron cadanxeus espazos editoriais, en maior ou menor medida, non só para informar do aflitivo acontecemento senón tamén para homenaxear a escritora nos meses sucesivos.

Os valores excepcionais que ofrece a súa personalidade literaria convertérona nun símbolo extraordinario e memorable, á vez que a súa desaparición serviu de semente literaria para que puidera agromar un leitmotiv elexíaco e que o paso do tempo foi quen de transformar en recorrente tema poético. Talvez sexa por isto, ou por outros motivos, as mostras de admiración, afecto e respecto a Rosalía foron divulgadas por aquel tempo de xullo, agosto e setembro de 1885, ao igual que se seguen a producir na data vixente e na que se está a conmemorar o 125 aniversario do seu finamento.

¹ Xornal subtitulado *Diario Liberal*. Fora fundado o 16 de marzo de 1867 e adoita darse como data do seu cesamento o ano 1933 (Seoane 1996; Fuentes & Fernández 1997). Foi un dos diarios con más difusión nos anos da Rexencia e calcúllase que, en 1885, tiña unha tiraxe de máis de 50.000 exemplares.

Tamén na súa edición do 20/7/1885 lle dedicaba uns parágrafos á escritora, noticia que se recolle en Pociña & López (2000: 107-108).

² Igual ca o anterior, levaba por subtítulo *Diario Liberal*. Creado polo valisoletano Pedro Calvo Asensio (1821-1863) o 15 de xuño de 1854, clausurouse en 1898. Tras a morte deste en 1863, estivo dirixido polo rioxano Práxedes Mateo Sagasta (1825-1903), quen máis tarde foi xefe do partido liberal da Restauración. Este diario tiña abondo divulgación, non só dentro de España senón tamén en París e Lisboa, lugares estes onde se podían facer subscricións.

³ Este texto publicouse tamén en *La Ilustración Gallega y Asturiana* os días 28/2/1881, 8/3/1881, 18/3/1881 e 28/3/1881.

⁴ Xornalista cubano nacido en 1856 e falecido en 1922.

2. O PASAMENTO DE ROSALÍA DE CASTRO NA PRENSA DE MADRID

2.1. XULLO

Os xornais madrileños *El Imparcial*¹ e *La Iberia*², a través da “Sección de Noticias”, no primeiro caso, e de “Noticias Generales”, no segundo, facían eco da triste noticia da morte da escritora, incluíndo nas súas respectivas edicións do día 18 o texto seguinte:

Una triste noticia tenemos que comunicar a nuestros lectores. El día 15 del actual ha fallecido en Padrón (Coruña) la eminent poetisa gallega doña Rosalía Castro de Murguía. Su muerte deja un vacío imposible de llenar en la rica literatura galáica que durante largo tiempo ha ilustrado con los frutos de su peregrino ingenio. Rosalía Castro escribió en el transcurso de su accidentada existencia varias novelas muy estimables, pero inferiores en mérito á sus poesías. Los *Cantares gallegos* la crearon una gran reputación, que más tarde confirmó plenamente otro de sus mejores libros, *Follas novas*. En Madrid, donde no se estudia atentamente el renacimiento literario de provincias, casi se la desconocía. En cambio su nombre es popularísimo en su país natal, en nuestra gran Antilla y en todas las repúblicas hispano-americanas. Los literatos catalanes profesaban á Rosalía Castro verdadero culto. El Sr. Castelar ha dicho que la insigne poetisa gallega era una estrella de primera magnitud en los ciclos del arte español. Esta estrella se ha eclipsado para siempre (*El Imparcial* e *La Iberia*, 18/7/1885).

Cómpre indicar que estes dous xornais desenvolveron un rol notorio na brillante traxectoria literaria de Rosalía. Tal é así que *El Imparcial* foi un vehículo indispensable na divulgación de dous dos seus artigos de costumes, “Padrón y las inundaciones”³ (1881) e “Costumbres gallegas” (1881), ao seren editados no seu suplemento literario *Los Lunes*, naquel tempo dirixido por Ortega y Muniña⁴. Pola súa parte, *La Iberia* resultou ser un punto

de encontro público⁵ na prensa entre Rosalía e o coruñés Manuel Martínez Murguía (1833-1923).

Así mesmo, empregando unha sintaxe moi más abreviada, os diarios *El Día*⁶, no apartado “Última Hora” da sección “Noticias Generales”, e *El Liberal*⁷, na sección “Las Provincias”, comunicaban a necroloxía seguinte: “Ha fallecido en Padrón la distinguida poetisa gallega doña Rosalía Castro de Murguía” (*El Día* e *El Liberal*, 18/7/1885).

En situación similar, o periódico *La Correspondencia de España*⁸ notificaba o seguinte: “Han fallecido: (...) En Padrón, la inspirada poetisa gallega doña Rosalía Castro de Murguía” (*La Correspondencia de España*, 21/7/1885).

Pola súa parte, o xornal *La República*⁹, na sección “Noticias Generales”, do día 23, dedicáballe unhas liñas ao falecemento da escritora:

En el Ferrol, la Coruña, Santiago y otras poblaciones de Galicia se preparan veladas literarias y funciones fúnebres para honrar la memoria de la ilustre poetisa gallega doña Rosalía Castro de Murguía que ha fallecido recientemente (*La República*, 23/7/1885).

Dous días máis tarde, por medio dunha carta remitida polo correspondente de Lugo, volve aparecer unha referencia á morte de Rosalía:

Y á propósito: Rosalía Castro, la autora inmortal de *Follas novas* ha fallecido. Es una pérdida que lloran todos los buenos hijos de Galicia. A Rosalía se

debe el renacemento de la literatura gallega (*La República*, 25/7/1885).

Igualmente o diario *La Época*¹⁰, na sección “Noticias Varias” e baixo o epígrafe “La escritora Rosalía Castro de Murguía”, facía alusión a Rosalía:

Con motivo del fallecimiento ocurrido pocos días há de la ilustre poetisa gallega, esposa del no ménos ilustre escritor de aquel país, D. Manuel Murguía, se ha recordado, como el más adecuado elogio póstumo, el prólogo que escribió D. Emilio Castelar para la elegante edición de las poesías de doña Rosalía Castro tituladas *Follas novas*.

Nos falta espacio para transcribir íntegra, ó en su mayor parte, la brillante apología hecha por el señor Castelar de la inspirada escritora, cuya pérdida lloran á la vez la amistad y el arte; pero daremos idea del citado prólogo, copiando algunos de los párrafos más concretos del mismo en lo que al valer literario de la autora del libro se refiere (*La Época*, 27/7/1885).

Logo dos párafagos¹¹ do “Prólogo” do político e escritor gaditano Emilio Castelar (1832-1899), o texto continuaba explicando o seguinte:

A falta de más completa biografía de Rosalía Castro, y para recordar los títulos que poseía para figurar entre nuestros escritores y poetas modernos de más nota, copiaremos algunas líneas del artículo necrológico que *El Globo* le ha dedicado (*La Época*, 27/7/1885).

⁵ Hipoteticamente, poderíanse ter coñecido con anterioridade (Bouza-Brey 1955). O 12 de maio de 1857, Murguía facía notoria a noticia –recollida na súa totalidade en Carballo Calero (1979: 24-28)– da publicación do texto poético rosaliano *La flor* (1857) e poderíase dicir que “conoce en aquel momento algo más que los versos de Rosalía de Castro” (Alonso Montero 1972: 25).

⁶ Existiu desde 1880 ata 1922. Iniciado e dirixido polo madrileño Camilo Hurtado de Amézaga (1827-1888), marqués de Riscal. Segundo parece, a primeira rotativa utilizada en España fora importada por Hurtado para este diario (Fuentes & Fernández 1997: 102).

⁷ Comezou a editar o 30 de maio de 1879 e suspendeu a súa actividade en 1939. Un grupo de redactores do xornal *El Imparcial* –entre outros, o oscense Mariano Araus (1836-1901) e o madrileño Isidoro Fernández Flórez (1840-1902), “Fernanflor”, este último fundador de *Los Lunes de El Imparcial*–, contrariados coa liña imposta polo seu director de aprobación da política da Restauración, desvinculábase dese para crear *El Liberal*. Tamén o madrileño Miguel Moya (1856-1920), o fundador e o primeiro presidente da Asociación de Prensa de Madrid, formou parte da redacción deste diario dende os comezos e fixose cargo da dirección dende 1890 ata 1906. Outro dato interesante é que este xornal foi pioneiro en España na inserción dos anuncios por palabras, algo que se levou á práctica o 23 de decembro de 1879. Estímase que, en 1885, este xornal tiña unha tiraxe de 15.000 a 20.000 exemplares.

⁸ Tiña o subtítulo *Diario Universal de Noticias. Eco Imparcial de la Opinión y de la Prensa*. O xermolo deste diario data de outubro de 1848, momento no que o sevillano Manuel María de Santa Ana (1818-1894) fundaba a *Carta Autógrafo*. Xa en 1859, Santa Ana creaba *La Correspondencia de España*, publicación na que se daba prioridade ao informativo e, sobre todo, a un custo abondo económico. Ben por isto ben por outros motivos, acadou cifras de tiraxe moi altas, entre 40.000 e 50.000 reproducións, e en pouco tempo foi o periódico más lido de España (Seone 1996: 215). Polo menos en Madrid, vendíase a pé de rúa e non por subscrpción.

⁹ Subtitulado *Diario Federal*, apareceu o 1 de febreiro de 1884 e concluiu o 28 de novembro de 1891. O seu fundador foi o cordobés Enrique Pérez de Guzmán el Bueno y Gallego (1826-1902), marqués de Santa Marta, e deputado en Cortes de 1869 a 1873.

¹⁰ Creado o 1 de abril de 1849, clausurouse o 31 de marzo de 1936. Foi director e propietario o xienense Diego Coello y Quesada (1820-1897).

¹¹ Ao tratarse dun texto coñecido e accesible, limitámonos a sinalar os comezos e os finais destes extractos: “Una de las cualidades (...) naturaleza”, “Si hubiéramos (...) gallega”, “Pero el dolor (...) destierro”, “Los dolores (...) males” e “Rosalía (...) arte español”.

E certamente o texto chega ao punto final reproducindo *ad pedem litterae* algúns fragmentos¹² que xa aparecían en *El Globo*¹³ (22/7/1885)¹⁴.

2.2. AGOSTO

Contra finais deste mes, *El Liberal*, á vez que informaba da viaxe de Emilio Castelar a Galicia, divulgaba a nova¹⁵ da reunión celebrada na Coruña en honor da escritora: “El Sr. Castelar saldrá mañana por la noche para la Coruña, donde el miércoles próximo debe pronunciar un discurso en la velada en honor de la gloria de Galicia, Rosalía Castro (...)” (*El Liberal*, 31/8/1885).

Do mesmo modo, *La Época* mencionaba o acto de setembro na Coruña: “El 2 del próximo Setiembre se celebrará en la Coruña la velada literaria proyectada por la Reunión recreativa de artesanos en honor de la malograda poetisa Rosalía de Castro” (*La Época*, 31/8/1885).

2.3. SETEMBRO

De novo era o diario *La Época* o que comezaba aludindo á homenaxe levada a cabo na Coruña: “El Sr. Castelar salió el día 30 por la noche para la Coruña, donde pronunció un discurso en la velada en honor de la gloria de Galicia, Rosalía Castro” (*La Época*, 1/9/1885).

Da mesma maneira *El Globo*, na sección de “Noticias”, daba conta da viaxe de Castelar á Coruña e comunicaba que “Anoche hubo en honor de Castelar una reunion literaria en casa de los condes de Pardo Bazán. Esta noche es la velada de Rosalía Castro, que empezará á las ocho en punto” (*El Globo*, 3/9/1885). Ao día seguinte continuaba a comentar a estadía de Castelar en Galicia e referíase ao discurso¹⁶ deste pronunciado na velada literaria da Coruña.

Contra mediados de mes, o xornal *La Ilustración Española y Americana*¹⁷ destinaba, de novo¹⁸, un importante espazo á escritora. Nesta ocasión publicábase nel un artigo co título “Rosalía Castro”, cuxo destinatario era o Sr. D. Antonio F. Grilo¹⁹, texto asinado por Juan Neira Cancela²⁰ e datado en “Ferrol, 25 de agosto de 1885”. Tras facer un recoñecemento público da axuda recibida polo receptor do escrito e a quien nomea como “mi querido poeta e padrino”, o autor dedícallle un longo poema a Rosalía que se inclúe no apéndice deste artigo.

3. A PRENSA DE GALICIA ANTE O FALECEMENTO DE ROSALÍA DE CASTRO

3.1. XULLO

Tres días despois de falecer Rosalía, *El Eco comercial*²¹ na sección “Noticias locales” anuncia ba o sentido acontecemento:

¹² Despois de ter cotexado este texto co reproducido por *El Globo*, deseguido sinalamos os inicios e os remates destes párafagos: “Rosalía de Castro (...) melancolía”, “Durante los años (...) manuscritas” e “El año pasado (...) sus Rimas”.

¹³ Subtitulado *Diario ilustrado político, científico y literario*. Fundouse o 1 de abril de 1875 e chegou ao seu fin en 1921.

¹⁴ Incluise na súa edición vinte e dous párafagos do “Prólogo” que escribira Emilio Castelar para *Follas novas* (1880), ocupando catro columnas e media da portada. Seguialle ao anterior un texto sen asinar co título “R.I.P”. Finalmente esta homenaxe conclúa coa reproducción do poema “¡Padrón...! ¡Padrón...!” de *Follas novas* e que aparecía titulado como “El Cementerio de Adina”. Estes apuntes necrolóxicos xa foron recollidos por outros, en concreto por Gamallo Fierros (1985) e por López & Pociña (1991: 87).

¹⁵ O contido da mensaxe informativa ten moita semellanza coa noticia publicada, case un mes de antelación, polo diario *El Globo* na súa sección de telegramas: “Espérase también para dentro de un poco al señor D. José Quiroga presidente de la “Reunión de Artesanos de la Coruña” que viene á invitar al señor Castelar para que pase á aquella capital y presida la velada fúnebre dispuesta por dicha sociedad en honor de Rosalía Castro de Murguía” (*El Globo*, 30/8/1885).

¹⁶ Conforme reflicte o diario: “Pintó con palabras mágicas el campo, las aldeas y las costumbres de Galicia, evocando los nombres de sus mujeres ilustres. A su entender Rosalía Castro es la personificación poética del país y su druídesa, detrás de ella figura el poeta de la libertad y de las modernas aspiraciones, Curros Enríquez” (*El Globo*, 4/9/1885).

¹⁷ Fundado polo gaditano Abelardo de Carlos y Almansa (1822-1884) o 25 de decembro de 1869 –dende 1884 sucedelle na dirección o seu fillo, Abelardo José (1848-1910)–, cesou o 30 de decembro de 1921. Foi a continuación do xornal *El Museo Universal*, que existiu dende 1857 ata 1868, e no que Manuel Murguía foi un asiduo colaborador, sobre todo, no seu *Almanaque Literario*. Véxase Davies (1981: 427-452).

¹⁸ Na súa edición do 30 de xullo de 1885 inseríase un apunte necrolóxico sobre Rosalía. Véxase Pociña & López (2000: 113).

¹⁹ Escritor cordobés (1845-1906) cuxo nome aparece asiduamente nas listas de colaboradores da prensa madrileña como *El Contemporáneo* (1860) e *La Ilustración Española y Americana*, por citar só algúns títulos.

²⁰ Escritor vigués nacido en 1848 e falecido en 1909.

²¹ Publicábase todos os sábados en Vilagarcía de Arousa. Apareceu en 1884, sendo o seu director e propietario José R. Paratcha. Véxase Santos (1990: 255).

Ha fallecido el miércoles de la presente semana la notable poetisa gallega Doña Rosalía Castro de Murguía, acompañamos en el sentimiento á su apreciable familia y pedimos al Señor les dé resignación para sobrelevar pérdida tan sensible (*El Eco comercial*, 18/7/1885).

Con idéntica data, o semanario *El Ciclón*²² iniciaba a súa edición dedicándolle un primeiro texto sen asinar titulado “Rosalía Castro”, ao que lle seguía un escrito necrolóxico asinado por Jesús Barreiro Costoya e que reproducimos no apéndice.

Nesta mesma publicación, seguidamente e co título “Autógrafos de O niño d'o ruiseñol”, aparecía unha sucesión de textos poéticos breves de diversos autores a través dos que se homenaxeaba a Rosalía. De Isidoro Casulleras²³: “El nido del ruiseñor / pobreza y génio pregunta... / El cielo al dulce cantor / reserva nido mejor / y más brillante corona”. De José A. G. Pertierria²⁴: “La flor hermosa que abrillanta al prado / Al sol que alumbra pídele fulgor / Y el sol abriendo de la flor las hojas / Le dá dulces perfumes y color. / Yo que no tengo de la flor las galas / Ni del sol el ardiente resplandor / Solo sombra dar pue- do á tus cantores / Y al nido del sublime ruiseñor”.

De Gumersindo Laverde Ruiz²⁵: “La mansedumbre en su mirar sereno / La discrecion en su apacible estilo / Resplandecían, y su níveo seno / Era, de amor y de piedad asilo, / Cual vaso de perfumes lleno”. De Lisardo Barreiro²⁶: “¡Bendit'ó sol qu'alumea / d'as nosas letras-ó-sol!... / Bendita, por sempre, séa / Rosalía, -á-súa-aldéa, / é ó niño d'o Ruiseñol”. De Alfredo Brañas²⁷: “¡Nido de amor y hoy de duelo, / tén, pór Dios encarcelado, / al ruiseñor inspirado / que quiere fugarse al cielo!”. De Juan Barcia Caballero²⁸: “Antre chopos é loureiros / ten seu niño *O Ruiseñol*; / e antre lagoas e dolores / aniña ó seu corazon”. De Fortunato Rodríguez: “¿Por qué siempre van unidos / el talento y la pobreza? / ¿Porqué los pobres no ganan / más que una gloria... la eterna; / y comunmente los ricos / disfrutan dos; la otra y esta?”. De Eduardo Pondal²⁹ o xa coñecido poema “Pobre hoja del seco estío ardida”. De Enrique Labarta³⁰: “¿Al ruiseñor de inspiracion gigante / que busca el cielo con valor veloz / que ha de decirle un pobre bardo errante? / ¡Romper su lira y apagar su voz!”. De Javier Valcarce Ocampo³¹: “Eu ben quixera explicar / o que sint'o pensamento / vend'o lugar qu'e asento / d'a nosa Galicia ó sol; /

²² Tiña o subtítulo *Periódico satírico. Sopla todos los jueves*. Iniciouse en 1883 e concluíu en 1900. O director era José Peña e entre os seus colaboradores estaban Alfredo Vilas e Luís Taboada. Véxase Santos (1990: 249).

²³ Escritor e médico a quien se lle atribúe a autoría da composición poética *Juan Tuorum. Leyenda sobre una tradición gallega del siglo XIV* (1880). Emparentou con Alfredo Brañas, ao casar este coa súa irmá Ramona en 1885. En relación con Rosalía publicou o poema “A Rosalía” na revista compostelá quincenal *La Patria Gallega* (1891) –órgano oficial da Asociación Rexionalista–, en concreto no número 5, dedicado á escritora co gallo do traslado dos seus restos dende Adina (Iria Flavia) ata o mausoleo de Bonaval (Santiago de Compostela) en 1891.

²⁴ Médico e político español nacido en Asturias. Moi novo trasladouse a Cuba, onde desenvolveu a súa carreira científica e onde tamén participou activamente en política, chegando a ser deputado por Cuba. En 1893 outorgóuselle o título de marqués de Cienfuegos.

²⁵ Escritor e profesor santanderino nacido en 1835 e falecido en 1890. Exerceu a docencia en Galicia durante moitos anos –primeiro, no Instituto de Lugo (1863-1873) e, máis tarde, na Unión de Santiago (dende 1876), onde ocupou a cátedra de Literatura Española–. Así mesmo colaborou en revistas como a madrileña *La Ilustración Gallega y Asturiana* (1879) e a compostelá *Galicia Humorística* (1888). Nesta última publicou, ata o momento e que se saiba, o seu único poema escrito en galego.

²⁶ Médico, farmacéutico, poeta e periodista noíés nacido en 1862 e falecido en 1943. Fundou con Alfredo Brañas o xornal compostelán *El Ciclón*. Igualmente dirixiu o diario ferrolán *El Correo Gallego* (1878) e foi redactor de diversos xornais como os coruñeses *La Voz de Galicia* (1882), *El Clamor del País* (1888) e *El Clamor de Galicia* (1881), e tamén da revista compostelá mensual *La Cítera* (1882), entre outros. En relación con Rosalía publicou “A Rosalía Castro” no xornal ourensán *O Tío Marcos d'a Portela* (4/10/1885), composición “premiada con mención” no certame celebrado pola “Sociedad de Artesanos” da Coruña. Do mesmo modo, a súa sinatura aparece no texto “Unha visita a Rosalía Castro”, publicado na revista cubana *El Eco de Galicia* (31/5/1885).

²⁷ Bergantiñán nacido en 1859 e falecido en 1900. Dende 1905 descansa no mausoleo de Galegos Ilustres en San Domingos de Bonaval (Santiago de Compostela), preto de Rosalía. En relación con esta publicou “Áboa memoria de doña Rosalía Castro de Murguía” en *La Patria Gallega*. Tamén hoxe temos constancia dunha carta remitida por Brañas a Murguía na que expresaba o seu pesar polo falecemento da escritora. Véxase Barreiro & Axeitos (2005: 481).

²⁸ Médico e escritor compostelán nacido en 1822 e falecido en 1926. En relación con Rosalía cómpre destacar a súa obra *Mesa revuelta. Ensayos literarios* (1883), na que hai un interesante texto titulado “Follas novas, versos en gallego por Rosalía Castro de Murguía”.

²⁹ Este poema do ponteceán Eduardo Pondal (1835-1917) vira a luz en vida de Rosalía, concretamente en *El Ciclón* (10/5/1884). Trátase dun texto recuperado por Bouza-Brey, quen o deu a coñecer en 1950. Véxase Bouza-Brey (1950: 144-145). Esta composición está recollida tamén en Alonso Montero (1985: 32-33).

³⁰ Nacido en Baio (Zas) en 1863 e falecido en 1925. Desenvolveu a súa vida en torno ao mundo xornalístico, dirixindo as revistas compostelás *Galicia humorística* (1888) e *La Pequeña Patria* (1890). Da mesma forma, foi fundador do semanario pontevedrés *Extracto de Literatura* (1893) e das revistas pontevedresas *Galicia Moderna* (1897) e *Pasatiempos* (1900).

³¹ Escritor e periodista que colaborou nos xornais pontevedreses *El Diario de Pontevedra* (1887) e *Galicia Recreativa* (1890), entre outros.

Mais fora temeridade / cantar aquí á lira miña / n' o sitio donde a aniña / d' os poetas o ruixeñol". De Luis Rodríguez Seoane³²: "Cuando el poder del cielo resplandece / Cuando su luz serena nos auxilia, / Se lucha, se resiste y se padece; / Pero un hogar nos dan y una familia".

Á parte disto, esta sección elexíaca remataba co tamén texto lírico de Javier Valcarce Ocampo "N'a morte d'a ilustre cantora de Galicia Rosalía Castro de Murguía"³³, datado en Santiago o 17 de xullo de 1885.

E, por último, nunha nota ao final desta edición e cunha impresión de letra diferente ao resto, advertíase aos lectores do seguinte:

En el mismo momento de entrar nuestro número en máquina hemos recibido una carta de la señorita Doña Alejandra Murguía Castro, en la que nos encaraece disistiamos de publicar el retrato de su inolvidable madre, por ser esta la voluntad de la finada.

Es para nosotros tanto agrado el cumplimiento de la voluntad de los que fueron y en la presente ocasión revelada por la hija que llora la madre querida, que apesar de los perjuicios que se nos irrogen retiramos el retrato del ruixeñor gallego Rosalía Castro de Murguía (*El Ciclón*, 18/7/1885).

Por outra parte, na publicación do día 23 de *El Regional*, na sección "Crónica General", explicábase que "El Anunciador de la Coruña ha abierto una suscripción encaminada á honrar la memoria de la ilustre poetisa Rosalía Castro de Murguía" (*El Regional*, 23/7/1885). Cómpre sinalar que este periódico lle tiña dedicado á escritora abondo espazo noutras datas³⁴.

Así mesmo na portada do semanario *El Eco Comercial* do día 25 difundíase un texto titulado "Rosalía Castro de Murguía" asinado coas iniciais

L.T. e que se pode ler na súa totalidade no apéndice deste artigo.

3.2. SETEMBRO

Ao segundo día de dar comezo este mes, o xornal coruñés *El Anunciador* editaba o poema "Desaparecento d'outra estrela. N'a última hora d'a céltiga ovatesa Rosalía Castro de Murguía"³⁵ de Francisco de la Iglesia González³⁶. Tamén, na sección "Gacetilla", se reservou un lugar para dar aviso ao público lector da "Velada literaria en honor de Rosalía Castro de Murguía":

Hoy, por la noche, tendrá lugar en el coliseo de San Jorge la tan anhelada velada literaria en memoria y prez de la inspiradísima cantora de nuestros valles y de nuestras montañas, *Rosalía Castro de Murguía* (*El Anunciador*, 2/9/1885).

Ao día seguinte, *El Regional* daba conta de que "la velada celebrada anoche en honor de Rosalía Castro de Murguía ha superado todas las esperanzas. Estuvo brillantísima" (*El Regional*, 3/9/1885).

Outra vez cómpre aludir ao semanario *El Ciclón* polo feito de describir detalladamente a velada celebrada o 2 de setembro na Coruña en honor de Rosalía (*El Ciclón*, 5/9/1885).

E aínda máis, a representativa intervención da referida publicación á hora de honrar a memoria da escritora prolongouse ata uns días máis tarde, editando o poema "A Rosalía Castro" de Fernando G. y Acuña³⁷, datado en "Rianxo (Rías Baixas) Agosto 1885", e que resultara premiado "con mención honorífica en el Certámen literario de la Coruña, el 2 de Setiembre de 1885" (*El Ciclón*, 12/9/1885).

³² Pontevedrés nacido en 1836. En relación con Rosalía publicou o poema "En la traslación de los restos de Rosalía Castro al panteón de la iglesia de Santo Domingo en Santiago. Soneto", recollido en *Homenaje á Rosalía Castro de Murguía* (1899).

³³ Este mesmo poema publicouse posteriormente en *O tío Marcos d'a Portela* (26/7/1885). Desta maneira, cómpre ter en conta que a versión de *El Ciclón* (18/7/1885) aportada nestas liñas é anterior á que se coñecía ata o momento.

³⁴ O 16 de xullo de 1885 publicaba, na sección "Poesías", o texto rosaliano "Sintiéndose acabar en el estío" de *En las orillas del Sar* (1884), dato recollido en Pociña & López (2000: 106). Ao día seguinte, este mesmo xornal incluía un texto titulado "Rosalía Castro" no que se homenaxeaba á escritora (Pociña & López 2000: 107-108), ademais de reproducir os poemas rosalianos "N'o Crausto" e "Que lle digo?" de *Follas novas*.

³⁵ Este texto apareceu publicado posteriormente en *El Idioma Gallego* (1886). Véxase López & Pociña (1991: 250). Convén considerar, polo tanto, que a versión de *El Anunciador* á que nos referimos neste artigo é anterior á que se coñecía ata o momento.

³⁶ Compostelán nacido en 1827 e falecido en 1897. Foi o autor do primeiro drama do Rexurdir galego, *A Fonte do Xuramento* (1882). En colaboración co seu irmán Antonio fundaron a revista coruñesa quincenal *Galicia. Revista Universal de este Reino* (1860), publicación de moita importancia e de bastante soma ao recoller nas súas páxinas todo aquilo de interese para Galicia e en prol da difusión da cultura galega.

³⁷ Poeta e periodista cubano nacido en 1861 e falecido en 1895. Dende moi novo instalouse cos seus pais na vila de Betanzos, onde desenvolveu o seu labor como redactor, director e fundador dos semanarios brigantinos *El Censor* (1883), *El Escobón* (1888) e *Las Riberas del Mendo* (1889), respectivamente.

Alén do anterior, o día 19 *El Ciclón* imprimía o poema “A Rosalía Castro”³⁸ de Emilia Calé Torres de Quintero³⁹, datado en “Villa Rutis (Coruña) 1º de Stbre. 1885”, e que se reproduce no apéndice deste artigo.

O día 22 do mesmo mes o periódico coruñés *El Alcance*⁴⁰ homenaxeaba á escritora publicando o poema “¡Rosalía Castro” de Juan Barcia Caballero e ao que se lle outorgara o “primer premio en el Certámen celebrado por la Sociedad de Artesanos en honor de la distinguida poetisa”⁴¹. Igualmente se difundiu nesta mesma edición o longo⁴² poema “N'a morte d'e Rosalía Castro de Murguia”⁴³ do coruñés Manuel Amor Meilán (1867-1933):

LEMA

Ti eras o ruixeñol d'as doces cántegas

Oxe, qu'a tua gloria
sones arrim' ás liras
de tanto galiciano
subrime trovador,
déixame que eu ohu xénio
que os cantos meus inspiras
d'o teu altar enriba
pónse muchada fror.

Deixa que n'a tua tumba
unha bagulla verta
e déixame, abrasado
po-l-o dóor xemir
qu' ó ver a tua cova
cásque áind' antraberta,
a y-alma en triste pranto
parece se quer fundir (...)

(*El Alcance*, 22/9/1885).

4. CONCLUSIÓNS

Xa semella apropiado expor algunas consideracións que, hogano e sen prexuízo doutras infor-

macións futuras que poidan aparecer, nos dirixen a avaliar e a validar a proxección que tivo a difusión do irreversible suceso da morte de Rosalía.

Tal é así que por un lado cumpliría estimar a actitude deferente demostrada, en termos extensivos, polo ámbito xornalístico madrileño neste eido. Os diarios da capital estatal con maior difusión na época da Restauración, é dicir, *La Correspondencia de España*, *El Imparcial*, *El Globo* e *El Liberal*, além de comunicar o pasamento da escritora, indicio evidente do interese xeral que a súa persoa suscitaba nas redaccións e, en consecuencia, nos consumidores dos produtos publicitarios, tamén contribuíron, en maior ou menor grao, á irradiación da súa sona literaria.

Por outra parte sería recomendable reflexionar sobre o modo no que a prensa galega, en xeral, dedicou espazo á transmisión da triste nova. Segundo os datos que na actualidade se coñecen, probablemente o semanario compostelán *El Ciclón* foi o que demostrou ter, polo menos, un dos maiores e eficaces compromisos coa escritora no momento de tributarlle admiración e renderlle varias homenaxes –nunha liña análoga á constituída polas xa coñecidas necroloxías do diario compostelán *Gaceta de Galicia* e do ourensán *O Tío Marcos d'a Portela*–.

Igualmente quedaría demostrado que case todos os diarios galegos observados prestaron puntualmente atención ao certame literario celebrado o 2 de setembro de 1885 no Liceo de Artesanos da Coruña –se ben é certo que algúns dos xornais madrileños aludidos tamén acollerón as novas do concurso nas súas páxinas–, ao tempo que os responsables destas publicacións foron quen de ceder espazo editorial para que outros escritores e xornalistas puideran exercer a honestidade intelectual de homenaxear en xustiza á escritora galega máis universal.

³⁸ Este mesmo texto lírico aparecía publicado uns meses máis tarde na revista *El Eco de Galicia*, en concreto o 22 de xaneiro de 1886, dato recollido en Neira Vilas (1992: 199).

³⁹ Nacida na Coruña en 1837 e falecida en 1908. Foi anfitriña da recoñecida reunión madrileña “Galicia literaria” que fora fundada polo seu curmán, o famoso escritor e pintor vigués Teodosio Vesteiro Torres (1847-1897). Antes de trasladar a súa residencia a Madrid, en 1871, publicara na prensa galega varios poemas e, xa na capital estatal, colaborou en diversas revistas.

